

Unidade 6. Intercambiamos opinións

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

A curuxa Madalena leva a Chisgarabís o trasno azul, único na súa especie; xunto a Bruxa Brancaflor. Ao parecer ela sabía a que lugar vai o sol cando marcha e de que lugar regresa cando volve.

Dicir que Brancaflor era fea é faltar á verdade; era o ser máis horrible que Chis vira nunca.

Tiña a pel chea de engurras tan fondas que parecían sucos de plantar fabas. O alento da bocaapestaba a viño rancio e graxumada de olores cheirentos.

—A curuxa díxome que me querías preguntar algo. Adiante! —falou ela achegándolle a meixela coma se lle quixera dar un bico.

—Ai que noxo —salaiou o trasno afastándose.

Desexaba que todo aquilo foxe un pesadelo, porque, se recoñecía que lles tiña moito medo ás bruxas...

—Xa me pasaron as ganas! Xa non me importa sabelo.

De súpeto chegou unha ducia de bruxas todas alporizadas perseguindo a Chis para botalo no pote que estaba a ferver a cachón.

—Chis! Axúdame —dixo Brancaflor— preciso dun trasno azul para sandar o meigallo! Se me das un bico, desfarase...

—Vas lista! —dixo Chis.

—Á cazola os dous! —dixeron as bruxas.

—Non hai outro xeito?

—Non, é o único! Dáte présa! —berraba, asomando a cabeza pola beira da cazola.

—Bícame! Nun libro que teño está a explicación á túa pregunta!

Entón Chis púxose tan ledo coa noticia que, sen decatarse moi ben do que facía, agarrouse ás beiras do pote, abrazou a Brancaflor e deulle un bico xusto no curuto da cabeza, que era o que lle asomaba xa.

Brancaflor tornouse nunha rapaza moi guapa.

Ánxela GRACIÁN



Unidade 6. Intercambiamos opinións

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

1. Escribe o nome dos personaxes.



Chisgarabís



Madalena



Brancaflor

2. Responde as seguintes preguntas.

• Que quería saber Chisgarabís? **Saber a que lugar vai o sol cando marcha e de que lugar regresa cando volve.**

• Como é Brancaflor? Descríbea.

Tiña a pel chea de engurras tan fondas que parecían sucos de plantar fabas. O alento da bocaapestaba a viño rancio e gramuxada de olores cheirentos.

• Por que o trasno non quería bicar a bruxa?

Porque sentía noxo e lles tiña medo ás bruxas.

3. Que contos coñeces nos que un bico salve ou mude os protagonistas?

Resposta libre.

4. Que quere dicir «ferve a cachón»? Escribe a resposta correcta.

• Son cachos moi grandes

• Fai burbullas moi grandes.

• **A auga está moi quente.**

A auga está moi quente.

Unidade 6. Intercambiamos opinións

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

5. Coa axuda do dicionario escribe o significado das seguintes palabras.

- Lacaceiro: **que non é amigo de traballar.**
- Feble: **falta de vigor, forza ou resistencia.**
- Testemuñar: **dar testemuño dun feito.**

6. Escribe unha oración con cada unha das palabras do exercicio anterior. **Resposta libre.**

- _____
- _____
- _____

7. Completa.

Primitiva	Derivada
lacazán	Lacaceiro
testemuño	Testemuñar

8. Clasifica as seguintes palabras segundo o número de sílabas.

	Monosílaba	Bisílaba	Trisílaba	Polisílaba
Lacaceiro				
Feble				
Testemuña				
Coitado				
Mar				

9. Escribe se estas parellas de palabras son sinónimas ou antónimas.

aberto / pechado

antónimas

doce / salgado

antónimas

fulxir / brillar

sinónimas

feble / forte

antónimas


10. Escribe un sinónimo e un antónimo de feroso.

bonito, feo.

Unidade 6. Intercambiamos opinións

Nome: _____ Curso: _____ Data: _____

11. Le esta carta ao director dun xornal na que se expresa unha petición.



12. Escribe unha carta ao director dun xornal na que expreses unha opinión sobre esta situación:

- No teu barrio non hai contedores de reciclaxe de vidro e de papel. **Resposta libre.**

Blank lined area for writing the response.